

ABAU (II)

Imos seguir hoxe falando da ABAU, a avaliación do bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao. Se non liches o artigo de onte non deixes de facelo porque alí indicabamos datas, horarios, estrutura da proba... e outros asuntos de interese.

O pasado mércores (6 de maio) saíu no Diario Oficial de Galicia (DOG) as [instrucións para a realización das ABAU](#) das que xa faláramos en ocasións pasadas e agora saen publicadas no DOG e que reafirma que todo o alumnado poderá obter a máxima puntuación aínda que haxa partes da materia que no puideron ser impartidas “O número de preguntas fixarase de forma que permita a todos os alumnos alcanzar a máxima puntuación na proba, con independencia das circunstancias en que este puider ter acceso ao ensino e á aprendizaxe durante a suspensión da actividade lectiva presencial. Para realizar o número máximo de preguntas fixado, todas as preguntas deberán ser susceptibles de seren elixidas.”

Lembra que xa podes ver na páxina da CIUG [modelos de exames](#) de todas as materias. Calquera dúbida concreta consúltaa co profesor/a desa materia.

Como xa sabes, e comentabamos onte, a ABAU estrutúrase en dúas partes: Parte Obrigatoria e **Parte Voluntaria**. Imos centrarnos nesta segunda parte. Para realizar, con eficacia, a parte voluntaria da proba da ABAU é necesario ter en conta os parámetros de ponderación. Que é isto? Os parámetros de ponderación son coeficientes que permiten modificar a nota de acceso á universidade segundo as materias e a súa relación directa co grao universitario ao que se desexa acceder. Poden ser 0,1 ou 0,2.

MATERIAS OBXECTO DE EXAME NA PARTE VOLUNTARIA		
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)		MATERIAS DE MODALIDADE (agás aquela da que se examinou na Parte Obrigatoria)
- Artes Escénicas	- Grego II	- Fundamentos da Arte II (agás Bacharelato de Arte)
- Bioloxía	- Historia da Arte	- Latin II (agás Bacharelato de Humanidades)
- Cultura Audiovisual II	- Historia da Filosofía	- Matemáticas II (agás Bacharelato de Ciencias)
- Debuxo Técnico II	- Química	- Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II (agás Bach. C. Sociais)
- Deseño	- Xeoloxía	MATERIA OPTATIVA <i>Nota:</i> A opción lingüística escollida será diferente da opción da que se examina na Primeira Lingua Estranxeira II.
- Economía da Empresa	- Xeografía	
- Física II		
		- Segunda Lingua Estranxeira II: Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués

Ti podes examinarte dun máximo de catro materias das que ves no cadro, pero cales poden contar 1 ou 2 puntos para a carreira que quero facer? É aquí onde tes que mirar, nas táboas de dobre entrada, os [parámetros de ponderación](#).

A cualificación vinculada ao Grao que desexas cursar será dun máximo 4 puntos.

Procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de Grao no **SUG**

As tres universidades públicas do sistema universitario de Galicia contan cun único procedemento de admisión centralizado. A ordenación en cada un dos estudos universitarios oficiais de Grao nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia farase en función da Nota de Admisión, que poderá chegar ata un máximo de 14 puntos, obtidos da suma da Nota de Acceso á Universidade (NAU) e a cualificación vinculada ao Grao, resultante das ponderacións (0.1 ou 0.2) sobre a cualificación da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria da proba ABAU, no caso de que as devanditas materias fosen aprobadas cunha nota mínima de 5.0

A solicitude de praza para calquera das tres universidades galegas é única e faise, logo de superada a ABAU, a través de Nerta, a plataforma de prescrición para as titulacións de grao.



PREINSCRIPCIÓN E ADMISIÓN

<https://www.edu.xunta.es/nerta/PaxinaInicio.do>

nerta plataforma de acceso ao sistema universitario de Galicia

➤ **PREINSCRIPCIÓN** [A TRAVÉS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA **Nerta**]

➤ **VÁLIDA SÓ UNHA**

➤ **Nº de TITULACIÓNS** {

- MÁXIMO **5** TITULACIÓNS **DIFERENTES**
- MÁXIMO **10** SE HAI TITULACIÓNS **REPETIDAS**

➤ **ORDE DE PREFERENCIA** = FUNDAMENTAL

Nome: SUG:

¡ IMPORTANTE !

Carreira	Plan	Grupos	Nota de Acceso	Nota de Admisión	Nota de Corte
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021
Carreira	2	4704	2021	2021	2021

Aquí poder ver as [notas de corte](#) deste curso 2019-20 para todas as carreiras do sistema universitario galego.

(para aclarar calquera dúbida mándame un correo: mxosebravo@edu.xunta.gal)